



SOBRE A CARREIRA SOLIDARIA “NON Á GUERRA-BARRIÉ SOLIDARIO”

Estimados compañeiros e compañeiras,

Este ano e dentro das actividades enmarcadas no PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA (PVAD), imos organizar unha carreira solidaria, que previsiblemente e se o tempo acompaña terá lugar o vindeiro venres, **8 de abril** durante toda a xornada escolar.

O evento será parecido ao organizado hai dous cursos e levará por nome “Non á guerra – Barrié solidario”, só que esta vez decidimos colaborar coa Axencia da ONU para os refuxiados “ACNUR” e recadar fondos para a crise humanitaria consecuencia da guerra en Ucraína.

“ACNUR, a Axencia da ONU para os Refuxiados, incrementou considerablemente a súa asistencia en Ucraína e nos países veciños que están recibindo a refuxiados en resposta ás graves necesidades humanitarias xeradas polo recrudecemento dos combates. En Ucraína, a ONU calcula que hai polo menos 1,85 millóns de desprazados internos e outros 12,65 millóns de persoas directamente afectadas polo conflito. Esta poboación ademais está tendo que facer fronte a temperaturas baixo cero. O persoal de ACNUR está sobre o terreo en Ucraína e, do mesmo xeito que a poboación civil, segue atrapado no medio das hostilidades. ACNUR mantén o seu compromiso de permanecer sobre o terreo e prestar asistencia, onde e cando o acceso e a seguridade o permitan. A Oficina de ACNUR ampliou a súa presenza e as súas operacións no centro e o oeste de Ucraína, onde as condicións permiten un maior acceso humanitario, e onde as necesidades tamén están aumentando a medida que a poboación é evacuada cara ao oeste e a outras zonas e convértese en desprazados internos. ACNUR tamén está coordinando coas autoridades locais mellorar as condicións de acolleita nos postos fronteirizos internacionais, onde a xente ten que facer cola durante horas”.

O día da carreira o alumnado participará por ciclos da seguinte maneira:

1ª sesión (ás 10:00 h): Infantil fará un percorrido de forma simbólica.

2ª sesión: 1º CICLO

3º hora: 2º CICLO

4ª hora: 3º CICLO

5ª hora: ás 15:05 h. Pais/nais, titores/as legais, mestres/as e persoal que queira participar.

As saídas serán de forma progresiva por grupos, por exemplo no primeiro ciclo as saídas serán por esta orde: 1ºA, 1º B, 2º A e 2º B, para que non se mesturen na saída alumnos e alumnas de diferentes grupos.



Os nenos e nenas levarán ás súas casas un “Pasaporte – NON Á GUERRA”. Nel terán que poñer o nome ou nomes de persoas adultas que patrocinen ese corredor ou corredora. Por cada volta que se dea ao circuíto (500 metros aprox.) cada patrocinador comprométese a doar unha cantidade determinada de cartos (máx 0,50 euros/volta) que serán doados de forma íntegra a ACNUR. **Os titores e titoras deben supervisar que os nenos e nenas entendan o funcionamento do “PASAPORTE – NON Á GUERRA” e que o teñan cuberto o 8 de abril.**

As persoas adultas que queiran participar daráselle o número de conta do centro para que poidan facer as súas aportacións poñendo o concepto de “Doazón carreira solidaria”.

O día da carreira as persoas adultas tamén poderán entregar as súas doazóns aos mestres e mestras organizadores da carreira.

Se hai algún neno ou nena que non teña “patrocinador” deberá participar na carreira de igual forma. **Os mestres e mestras podemos patrocinar estes nenos e nenas.**

Despois das vacacións de Semana Santa informaremos de qué día teñen que traer os nenos e nenas a súa recadación. **NON PODEN TRAER OS CARTOS CALQUERA DÍA.**

É unha carreira solidaria e pódese participar camiñando. O alumnado baixará para o patio cuberto co mestre ou mestra que estea nese momento impartindo clase á hora indicada, nese momento os mestres e mestras coordinadores darán unha explicación das normas básicas. Por todo o patio haberá un percorrido de aproximadamente 500 metros que o alumnado percorrerá durante o tempo establecido. Ao finalizar cada volta o profesorado escribirá unha marca no dorsal para, unha vez rematada a carreira, facer o recuento de todas as voltas percorridas.

No patio cuberto haberá unha **ZONA DE DESCANSO** onde o alumnado poderá sentarse para descansar (cada grupo na súa zona). Só se poderá descansar nesa zona para non interferir na carreira dos demais alumnos e alumnas.

De acordo coas medidas sanitarias de protección ante a COVID 19 é necesario incidir que durante a saída da carreira (patio cuberto) o alumnado deberá levar posta máscara protectora que poderá baixar durante a carreira pero volver a poñela ao remate da mesma.

Para resolver calquera dúbida ou suxestión podedes poñervos en contacto co coordinador do PVAD.

César Ramos Domínguez.- Coordinador do Proxecto de Vida Activa e Deportiva.